



DIARIO DO LIMIA

Letras: conservación e transmisión



Casares, Laso, Alonso e Lama, acompañaron ao concelleiro de Cultura, Ramiro Rodríguez, durante a apertura dos actos da tarde. | FOTOS: Noelia Caseiro.

“Empecei a pensar en facer o libro en 2016, cando se cumprían 60 anos da lei que deu paso á desecación da Lagoa de Antela. Levoume pouco máis dun ano escribilo. A historia non trata de posicionarse sobre se aquilo foi un feito bo ou un feito malo, senón de ver á xogada, por empregar un termo futbolístico, desde

a perspectiva dos animais, que eran os habitantes e os propietarios da lagoa”, dixo Rafael Laso, autor de *A revolta da Lagoa*, presentado esta tarde na praza Maior de Xinzo no acto central da celebración do Día das Letras.

A alcaldesa, Elvira Lama, que minutos antes acompañou ao Antela na Moreira na fotografía co trofeo de campións de Liga, presentou o acto xunto co concelleiro de Cultura, Ramiro Rodríguez. Tamén estivo o escritor Miguel Anxo Alonso Diz, que debullou a obra de Laso.

“As historias foron xurdindo en canto empecei a escribir”, manifestou Rafael Laso. *“É como cando empezas a arar e vai o arado e o rego segue só”.* A novela, contou o autor, ten como fío argumental o debate que se produce entre os animais cando vén a desecación da lagoa. Laso animou aos presentes a coidar o patrimonio cultural e especialmente a lingua galega coa intención de lla transmitir ás xeracións futuras.

A alcaldesa engadiu, retomando o exemplo do impacto da desecación da lago nas vidas (humanas e animais), a necesidade de transmitir tamén a riqueza da biodiversidade. Nun vídeo que puxo o ramo á tarde lembráronse algunhas das aves e das plantas que desapareceron para sempre daquela área por efecto da desecación.